

ACTA N.º 11/2014
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 30 DE OUTUBRO DE
2014

ASUNTOS

I.- PARTE RESOLUTIVA

- I.1.- ACTAS ANTERIORES (*)
- I.2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO
- I.3.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 351,01€
- I.4.- RECLAMACIÓN, REPAROS OU OBSERVACIÓNS Á CONTA XERAL DO EXERCICIO 2013
- I.5.- MOCIÓN DE UCN SOBRE ELABORACIÓN E APROBACIÓN DOS PADRONS DE CONTRIBUÍNTES DA TAXA DE ENTRADA DE VEHÍCULOS EXERCICIOS 2013 E 2014
- I.6.- PROPOSTA SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO
- I.7.- MOCIÓN DE URXENCIA: Cumprimento da Lei de Memoria Histórica

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

- II.1.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA
- II.2.- DAR CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN REFERIDO AO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2014
- II.3.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PP:
 - D. Alberto Valverde Pérez

Concelleiros/as:

- PP:
 - D. Alberto García Pazos
 - D.ª Lilitiana Silva Pequeño
 - D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorreto
 - D.ª Rosa Rodríguez Rodríguez
 - D.ª M.ª José Pino Fernández
 - D. Antonio Souto Martínez
 - D. José Antonio Vidal Meneses
- PSOE:
 - D. Juan Antonio González Pérez
 - D.ª M.ª Dolores Araujo Duarte
 - D.ª M.ª Dolores Martínez Losada
 - D. Rubén Rial Sánchez
 - D. Manuel Doldán Costas
 - D.ª Ana Pérez Pérez
- MIXTO:
 - D. Xavier Rodríguez Fernández
 - D. Antonio Fernández Comesaña
- Non Adscrito:
 - D. Ignacio Vilas González

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 30 de outubro de 2014
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:00
- *Hora de remate:* 23:55
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17

Incidencias:

a) Alteracións no *quórum* de asistencia: D.^a M.^a Dolores Araujo Duarte, abandona a sesión mentres se desenvolvía o punto de Rogos e Preguntas.

b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- PARTE RESOLUTIVA**I.1.- ACTAS ANTERIORES**

As actas que se someten á aprobación corresponden ás sesións de data: 25 de setembro de 2014 e 16 de outubro de 2014

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar ás actas das sesións sinaladas, distribuídas coa convocatoria, non se producen intervencións.

Votación e acordo. Sometidas á votación as actas da sesión ordinaria do 25 de setembro de 2014 e da extraordinaria de 16 de outubro de 2014 quedan aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

I.2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DO LIXO

A) *Ditame da Comisión Informativa.*

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 22 de outubro de 2014, informa favorablemente o expediente da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida do lixo, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida do lixo.

Tendo en conta a conveniencia de:

- Evitar agravios comparativos e desigualdades nos importes das cuotas da ordenanza fiscal citada.
- Reducir o importe da cuota anual actual das vivendas unifamiliares (78,25 euros) que quedaría igual á aplicada no ano 2012 (75,60 euros).
- Asignar o código 7.2 ao actual código 7.3.
- Variar a escala do código 10 tendo en conta a gran cantidade de residuos producidos polos supermercados, tendas de alimentación e similares.
- Variar a escala do código 11, establecendo tramos iguais aos da nova escala do código 10 (con distintos importes).
- Variar a denominación dos códigos 11, 12 e 14.
- Reducir nun 40% as cuotas dos códigos 12 e 14 tendo en conta que os talleres e industrias en xeral, así como os locais destinados a actividades sanitarias, teñen a obriga de contratar cun xestor autorizado a eliminación de diversos tipos de residuos.
- Igualar as cuotas dos códigos 15 e 18, establecéndoas en 145,62 euros.
- Suprimir os puntos suspensivos no código 16.1.
- Establecer os criterios para determinar a superficie total aos efectos da cuota tributaria.

Esta Alcaldía, propónlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 20.10.14, referencia T 120/14; e continuar coa tramitación do expediente administrativo referido á modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida do lixo.

Segundo.- Aprobar provisoriamente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida do lixo; modificación que afectaría ao artigo 5 que terá a seguinte redacción:

Artigo 5.- Cuota tributaria.

Código	Concepto	Cuota anual (€)
1	Vivendas unifamiliares	75,60
2	Cafeterías, bares e similares	
2.1	Sen servizo de comedor	145,62
2.2	Con servizo de comedor	341,24
3	Restaurantes, con ou sen cafetería anexa	
3.1	Até 100 m2	396,66

3.2	De máis de 100 m2 até 250 m2	793,33
3.3	De máis de 250 m2	1.189,99
4	Pensions, hostais e similares	
4.1	Sen restaurante comedor	206,48
4.2	Con restaurante comedor	304,29
5	Hoteis	
5.1	Sen restaurante comedor	304,29
5.2	Con restaurante comedor até 250 m2	1.151,96
5.3	Con restaurante comedor de máis de 250 m2	1.722,50
6	Moteis	1.429,08
7	Apart-hoteis	
7.1	Por cada apartamento	78,25
7.2	Por cada habitación	34,78
8	Parques de campismo	4.107,92
9	Salas de festas, discotecas, pubs e similares	
9.1	Até 100m2	304,29
9.2	De máis de 100 m2 até 250 m2	608,58
9.3	De máis de 250 m2 até 400 m2	950,91
9.4	De máis de 400 m2	1.336,70
10	Supermercados, tendas de alimentación e similares	
10.1	Até 50 m2	171,71
10.2	De máis de 50 m2 até 100 m2	260,82
10.3	De mais de 100 m2 até 250 m2	429,27
10.4	De máis de 250 m2 até 500 m2	858,54
10.5	De máis de 500 m2 até 1.000 m2	1.396,47
10.6	De máis de 1.000 m2	2.255,01
11	Almacéns e locais comerciais en xeral	
11.1	Até 50 m2	145,62
11.2	De máis de 50 m2 até 100 m2	217,35
11.3	De máis de 100 m2 até 250 m2	364,06
11.4	De máis de 250 m2 até 500 m2	546,09
11.5	De máis de 500 m2 até 1.000 m2	819,14
11.6	De máis de 1.000 m2	1.157,39
12	Talleres e industrias	
12.1	Até 50 m2	103,03
12.2	De máis de 50 m2 até 100 m2	204,74
12.3	De máis de 100 m2 até 500 m2	365,15

12.4	De máis de 500 m2 até 1.000 m2	570,55
12.5	De máis de 1.000 m2	802,02
13	Entidades bancarias	1.385,61
14	Locais destinados a actividades sanitarias	218,44
15	Oficinas e despachos profesionais	145,62
16	Entidades e sociedades recreativas ou deportivas:	
16.1	Abetos, Ureca	2.379,98
16.2	Clubes náuticos	646,62
16.3	Outras entidades e sociedades recreativas ou deportivas	190,18
17	Instalacións de uso público:	
17.1	Residencias de tempo libre	1.255,20
17.2	Piscinas	706,39
17.3	Centros de día	364,06
17.4	Centros/residencias de día e noite (até 25 prazas)	682,50
17.5	Centros/residencias de día e noite (máis de 25 prazas)	1.157,39
17.6	Colexios privados	1.157,39
18	Outros non incluídos nos parágrafos anteriores	145,62

En todos os conceptos nos que se teña en conta a superficie, tomarase a superficie total, incluída a superficie dos locais anexos ou afectos á actividade, de conformidade co establecido ao respecto no Imposto sobre Actividades Económicas (IAE), ou a superficie total que resulte das comprobacións que efectue o Concello.

Terceiro.- Expoñer ao público, durante trinta días hábiles, o correspondente expediente administrativo mediante anuncio no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, nun dos xornais de maior difusión na provincia, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

Se durante o período de exposición ao público existiran reclamacións o Concello Pleno resolverá as mesmas e aprobará definitivamente, no seu caso, a modificación da ordenanza fiscal; se non foran presentadas reclamacións durante o período de exposición ao público entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisorio sen necesidade de novo acordo expreso en tal sentido.

B) Emenda do grupo Socialista.

1.- Non facer suba algunha pero tampouco rebaixar os 0,22€ mensuais da proposta do goberno nas vivendas unifamiliares.

Pola contra exonerar do pago da mesma aos contribuíntes cuxos ingresos anuais sexan inferiores ao salario mínimo interprofesional así como beneficiarios do RISGA e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado.

Poderán gozar dunha bonificación do 100% da cota tributaria quen, atendendo a circunstancias económicas, familiares, sociais e similares, presenten a declaración de estar incluído en tales circunstancias a proposta dos Servizos Sociais do Concello.

2.- Rebaixar nun 17,60% a taxa que actualmente pagan cafeterías, bares, almacéns e locais en comerciais de ate 50m² e de este xeito axudar aos pequenos comerciantes e autónomos.

Así mesmo rebaixar un 12% a taxa que pagan almacéns e locais comerciais de entre 50 e 100m².

3.- Non aplicar as reducións dun 40% plantexadas polo goberno en talleres e industrias de máis de 100m² pero tampouco facendo ningunha suba.

4.- Non facer ningunha suba, pero tampouco rebaixa en locais destinados a actividades sanitarias (clínicas e farmacias) mantendo a taxa de 364,06€ anuais.

O pago de taxas e impostas e absolutamente necesario para manter o estado de benestar e ser quen de cubrir as necesidades dos máis prexudicados pala grave situación económica, por elo e sen demagoxias nin oportunismos a nasa proposta xira en non rebaixar a taxa a aqueles que podemos pagala e moito menos as grandes empresas e pala contra exonerar da mesma a aqueles que palas circunstancias que sexan en estes momentos lles supón unha carga inasumible.

PROPOSTA

Vivendas unifamiliares 78,25 €	Taxa igual 2013. Sen subida algunha
Cafeterías, bares e similares	
Ate 50m ² 120,00 €	Rebaixa dun 17,60%
Almacéns e locais comerciais en xeral	
Ate 50m ² 120,00 €	Rebaixa dun 17,60%
De máis de 50m ² ate 100m ²	200,00 € Rebaixa dun 12,00%
Talleres e Industrias	
Ate 50m ² 103,03 €	Igual proposta
De máis de 50 m ² ate 100m ²	204,74 € Igual proposta
De máis de 100m ² ate 500m ²	608,58 € Igual taxa 2013
De máis de 500m ² ate 1000m ²	950,00 € Igual taxa 2013
De máis de 1000m ²	1.336,00 € Igual taxa 2013
Locais destinados a actividades sanitarias	
Clínicas	364,06 € Igual taxa 2013
Farmacias	364,06 € Igual taxa 2013

C) Emenda do Sr. Fernández Comesaña (UCN), do grupo Mixto:

1.- Modificación do arto 5.- CUOTA TRIBUTARIA.

Incluir un novo apartado para gravar os aparcadoiros públicos, dentro do apartado 17 "Instalacións de uso público".

17.7 Aparcadoiros públicos 364,06 €

2.- Artigo 6.- BENEFICIOS FISCAIS.

4.- Aplicar unha bonificación do 25% da taxa aos suxeitos pasivos que teñan a condición de familia numerosa, que será necesario presentar copia compulsada do título Oficial establecido ao efecto, segundo o arto 5 da Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección das Familias Numerosas.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Alberto García Pazos, concelleiro Delegado: Explica as razóns da proposta, derivada de certos desaxustes detectados. Encargouse o traballo ao departamento económico para poder promover os cambios oportunos. O resultado é esta proposta ditaminada pola Comisión de Contas. Actúase sobre varios aspectos básicos. Por un lado ampliouse o número de tramos. Tamén se tivo en conta a conveniencia de reducir a presión e favorecer ás economías domésticas. O déficit a maiores que se vai xerar compensarase con maiores ingresos noutros capítulos. Os prazos apremian para que poida entrar en vigor o ano que ven.

D. Juan Antonio González Pérez; do grupo Socialista: Repasa o que pagaban as vivendas e o aforro pouco significativo que suporá a modificación, cifrado en 2,65 euros ao ano. Moitas actividades seguen igual. É acertado o incremento de tramos. En talleres, industrias e actividades sanitarias, a rebaixa é significativa. Estes sectores serán os grandes beneficiarios. Así, para unha industria grande a rebaixa superará os 500 euros. Son partidarios de que non se lle rebaixen aqueles 22 céntimos ao mes a quen pode pagalos, e que, a cambio, se exonere aos contribuíntes con ingresos inferiores ao salario mínimo, beneficiarios do RISGA e demais persoas necesitadas; e que se rebaixe a taxa a pequenas empresas (cafeterías, locais comerciais...). Propoñen tamén non rebaixar o previsto para talleres e industrias, senón que se manteña a súa cota actual. As actividades sanitarias (clínicas, farmacias, etc) non deberían experimentar esa rebaixa do 40%. Hai que velar polos que menos teñen. Na súa proposta cabe a iniciativa que anuncia UCN.

D. Xavier Rodríguez Fernández; do grupo Mixto: Repasa as rebaixas previstas na proposta. O incremento dos tramos é un parche. Os agravios comparativos evitárianse se se fixasen os tramos por metro cadrado. A proposta do PSOE pensa que é mais equitativa e xusta, e vaina apoiar. Sobre a emenda de UCN, non é partidario da bonificación ás familias numerosas, sen ter en conta o seu poder adquisitivo.

D. Antonio Fernández Comesaña; do grupo Mixto: Parece que o goberno quere tapar a súa mala conciencia con esta proposta. A quen se lles reduce realmente é a certos talleres e a outras actividades. Non é equitativa esta rebaixa selectiva, ao mellor dirixida a favorecer a sectores proclives ao goberno. Esta rebaixa para particulares é insignificante, comparada coa

subida do IBI. A proposta non é racional, considera máis axeitada a do PSOE, sensible ás necesidades sociais dos cidadáns. Refírese ao contido da súa proposta centrada nos artigos 5 e 6 da ordenanza.

Sr. García Pazos: Na comisión non se dixo nada sobre posibles alternativas. A rebaixa é maior que a doutros Concellos no relativo aos fogares. Determinadas empresas xa pagan cifras importantes polo tratamento especializado dos seus residuos, e ademais xeran postos de traballo. A xestión das bonificacións é case imposible. Ademais, o PSOE non facilitou a súa proposta aos corporativos. Ao Sr. Fernández Comesaña recórdalle que houbo que pagar moitas débedas do pasado. E critica que fale de empresas afíns. A proposta do PSOE habería que informala, e o tempo aprema.

Sr. González Pérez: O seu traballo é presentar propostas, que poden ser aceptadas ou non. Non pide que quede sobre a mesa, senón que formulan unha alternativa razoada. Sobre as empresas, nalgúns casos a súa proposta é máis favorable que a do goberno. Así, no caso das pequenas empresas. O seu punto de vista é axudar aos que non teñen medios e beneficiar ás pequenas empresas.

Sr. Rodríguez Fernández: As industrias non van deixar de funcionar se non pagan un 40% menos da taxa do lixo. El non está na Comisión de Contas. Ve moi limitada a súa función e toma a postura cando ten a información. Seguramente a emenda terá que ser informada.

Sr. Fernández Comesaña: A modificación ven reparada pola Intervención. O déficit verase aumentado polo incremento do que se paga a SOGAMA. Recoñece que a tramitación da bonificación pode ser complexa, pero está xustificada. A emenda parécelle razoable, aínda que cando fala no punto 2 dunha bonificación do 100 por 100 da cota tributaria, quere pensar que é da taxa. Do mesmo xeito que esta iniciativa non se discutiu na Comisión, tampoco o goberno buscou o consenso pa a súa.

Sr. Alcalde- Presidente: Ou se aproba hoxe unha ordenanza ou o ano que ven seguirase aplicando a actual. E como a emenda ten que vir informada, non hai tempo material para tramitala. Pon o exemplo dun supermercado que paga o mesmo que unha gran superficie, e iso corríxirase a favor do máis pequeno. Unha vivenda paga proporcionalmente máis que unha cafetería. Vigo tamén segue o criterio de bonificar a empresas que reciclan pola súa conta. Os servizos sociais xa se ocupan das persoas sen recursos. Os reparos da intervención son polo déficit, e coa proposta da oposición auméntase. Esta proposta hai que sometela a informe da intervención. O ideal sería facer o que propuxo o BNG, acudindo á superficie, pero non se puido levar a cabo ata o de agora. O que si se fixo foi actualizar o padrón fiscal.

Sr. Interventor: O Pleno pode votar o que considere conveniente, pero ten efectos económicos, tanto no ingreso como no elevado déficit da taxa. Está sen informe e terían que resolver previamente un reparo derivado da omisión da fiscalización preceptiva previa, que é suspensivo da tramitación, sen prexuízo do propio resultado desa fiscalización.

Sr. Alcalde-Presidente: Pregúntase se o procedente é votar a emenda a pesar do reparo suspensivo da tramitación. El non votará a favor de levantar ese reparo.

Sr. González Pérez: O Alcalde non pode terxiversar a proposta do PSOE. Quen non fixo os

deberes foi o goberno ao traer isto á última hora. Insiste en que a súa proposta é razoable.

Sr. Alcalde-Presidente: O Pleno de outubro é o habitual para estes asuntos. O 3 de marzo do 2014 o Alcalde pediu a redacción das modificacións desta ordenanza. Poía carga de traballo do departamento económico atrasouse, pero a oposición pode presentar alternativas na Comisión. Advirte que hai un reparo suspensivo.

Sr. Rodríguez Fernández; do grupo mixto: Hai tempo para que en 2015 se formule unha nova tarificación. El non votará a favor de levantar o reparo da emenda. Tampouco apoiará a proposta do goberno.

Sr. Alcalde-Presidente: Está de acordo con revisar as tarifas por completo, pero hai que saber que o criterio de superficie pode supoñer subidas. Invita ao representante do BNG a que aínda nese caso apoie a modificación.

Sr. Fernández Comesaña: Parece que esta proposta é dos técnicos, asumida polo Alcalde e presentada sen tempo para emendala. A súa proposta é clara.

Sr. Alcalde-Presidente: Refírese ao déficit histórico da taxa, que agora é menor. Non se sabe cal é o déficit que xera a proposta alternativa.

Sr. Secretario: A instancia da Presidencia indica que, de cara á votación, o sinalado polo Interventor e as propias determinacións do ROF aconsellan que se valore, como primeira medida, a posibilidade de deixar o asunto sobre a mesa.

Sr. Alcalde-Presidente: El quere que a proposta do goberno si se vote, porque senón non hai ningunha posibilidade de bonificación no ano 2015.

Votación e acordo relativos a deixar as emendas sobre a mesa, pola falta de informe da Intervención .- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PP, Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto e Sr. Vilas González, Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 7; PSOE e Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda deixar as emendas sobre a mesa

Votación e acordo sobre a proposta ditaminada pola Comisión.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: 7; PSOE e Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta ditaminada pola

Comisión Informativa.

I.3.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS POR IMPORTE DE 351,01€

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 22 de outubro de 2014, informa favorablemente o expediente do recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 351,01 €, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o indicado nun decreto da Alcaldía, do día 14.01.2008, no que se acorda "Outorgar diversas subvencións para actividades socioculturais e veciñais exercicio 2007" entre as que figura unha subvención de 660,00 euros á "A.V.C. Chandebrito 1807" destinada a "Proxectos arqueolóxicos, visitas, conferencias, documentación...".

Visto o indicado nun decreto da Alcaldía, do día 27.02.2008, no que se acorda "Aprobar a conta xustificativa do gasto" presentada pola "A.V.C. Chandebrito 1807" e "Ordear o pago da mesma por importe de 660,00 euros".

Tendo en conta que no ano 2008 a "A.V.C. Chandebrito 1807" percibiu un total de 308,99 euros correspondentes á "Subvención de actividades socioculturais e veciñais 2007 (3ª convocatoria)".

Tendo en conta que do importe total da subvención concedida quedaron sen pagar 351,01 euros.

Tendo en conta que a "A.V.C. Chandebrito 1807" interrompiu a prescrición mediante a presentación de divesos escritos no rexistro xeral do Concello de Nigrán interesando o pago da contía restante da subvención concedida (así, nos escritos recibidos o día 11.12.2009, rexistro de entrada número 13.624; o día 14.04.2011, rexistro de entrada número 4.919; o día 07.06.2011, rexistro de entrada número 7.381; o día 25.04.2013, rexistro de entrada número 5.403, e do día 10.05.2013, rexistro de entrada número 6.031).

Vistos os escritos do Valedor do Pobo recibidos no Concello de Nigrán o día 08.07.2014 (rexistro de entrada número 9.228) e o día 26.08.2014 (rexistro de entrada número 11.218) así como o indicado nun escrito desta Alcaldía do día 12.09.2014 (rexistro de saída número 5.924, do día 29.09.2014).

Visto o estado de execución do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2014, e tendo en conta a existencia nesta data de crédito dispoñible por importe superior a 351,01 euros na bolsa de vinculación xurídica que corresponde á aplicación orzamentaria de contabilización da subvención antes citada; crédito dispoñible que non será preciso gastar integramente até o día 31.12.2014; polo que, actualmente, non é preciso tramitar ningún expediente de modificación de crédito destinado á contabilización e pago de 351,01 euros a favor da "A.V.C. Chandebrito 1807".

Tendo en conta a contía do importe antes citado e que o gasto non esta formalmente prescrito e que conta cunha aparencia formal de bon dereito.

Esta Alcaldía, propónlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 21.10.14, referencia T 121/14; e continuar coa tramitación do expediente administrativo referido ao recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 351,01 euros.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente un crédito de 351,01 euros a favor da "A.V.C. Chandebrito 1807" correspondentes á contía pendente de pago dunha dunha subvención concedida á citada entidade no ano 2008; aprobando o gasto e ordeando a súa contabilización na aplicación orzamentaria 1492448000 do estado de gastos do orzamento xeral prorrogado do Concello de Nigrán para o ano 2014.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Alberto García Pazos; concelleiro Delegado: Explica os antecedentes da proposta e os esforzos feitos para pagar, porque cre que é de xustiza.

D. Juan Antonio González Pérez; do grupo Socialista: Ven da súa época do goberno e debería saldarse.

D. Xavier Rodríguez Fernández; do grupo Mixto: Non merece maior debate.

D. Antonio Fernández Comesaña; do grupo Mixto: Lamenta o esforzo que tivo que facer a asociación para conseguilo.

Sr. Alcalde-Presidente: Non entende que as críticas vaian contra quen paga.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.4.- RECLAMACIÓNS, REPAROS OU OBSERVACIÓNS Á CONTA XERAL DO EXERCICIO 2013

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 22 de outubro de 2014, emitiu ditame no sentido de desestimar a reclamación presentada por D. José Cuevas Raposo e informar favorablemente o expediente da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2013.

O 27 de outubro de 2014 emitiu informe o Interventor Municipal no que constan as

seguintes:

"CONCLUSIONES.-

De conformidade co indicado neste informe, e tendo en conta:

- *Que a conta xeral do Concello de Nigrán correspondente ao ano 2013 realizouse seguindo o indicado nos artigos 208 e 209 da LRFL así como nas regras 97 á 101 da ICAL; presentando a estrutura e o contido establecido nas disposicións aplicables, e concorda cos rexistros informáticos orzamentarios e contables e coa documentación que lle serve de xustificación, fundamento ou soporte.*
- *Que polo Concello Pleno (ou, no seu defecto pola Alcaldía) non foi acordado pedir a todos os grupos políticos municipais a presentación e xustificación das contas correspondentes ás "Dotaciones económicas " entregadas polo Concello de Nigrán a cada grupo político municipal.*
- *Que a presentación, xustificación, fiscalización e aprobación (no seu caso) polo Concello Pleno das contas correspondentes ás "Dotacions económicas " entregadas a cada grupo político municipal non forman parte da documentación que debe conter a conta xeral do Concello de Nigrán correspondente ao exercicio de 2013.*

Cumprindo o establecido no artigo 175.c) do ROF o Concello Pleno debería acordar, motivadamente, a desestimación íntegra da reclamación presentada (en tempo e forma) por don José Cuevas Raposo á conta xeral do Concello de Nigrán correspondente ao ano 2013 (registro de entrada número 13.685, do día 16.10.2014; transcrita nos antecedentes deste informe e que figura na páxina 267 do expediente administrativo referido á conta xeral citada).

Sen prexuízo do indicado:

- *Reitérase a necesidade (indicada en diversos informes deste Interventor) de que o Concello Pleno (ou, no seu defecto a Alcaldía) cumpra de inmediato o establecido no artigo 73.3 da LRBRL e pida a todos os grupos políticos municipais a "Contabilidad específica" (acompañada das correspondentes facturas e da documentación acreditativa do seu pago) referida a todas as "Dotaciones económicas " entregadas a cada grupo político municipal e para todos os períodos non prescritos e, previa a súa fiscalización preceptiva, proceda á súa aprobación (se é procedente) así como a efectuar, solidariamente a cada integrante do respectivo grupo municipal, as solicitudes de reintegros (que procedan conforme a Dereito) ao Concello de Nigrán das contías non xustificadas, indebidamente xustificadas, ou destinadas a finalidades legalmente improcedentes; contías a incrementar co importe dos xuros procedentes.*
- *Reitérase o indicado por este Interventor no informe á conta xeral do Concello de Nigrán correspondente ao ano 2013 (referencia T 102/14, do día 03.09.2014; páxinas 230 á 260, ambas inclusive, do expediente administrativo correspondente á conta xeral do Concello de Nigrán do exercicio 2013)."*

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Alberto García Pazos; concelleiro Delegado: O voto favorable á Conta non implica conformidade co seu contido. Dálle lectura a aspectos das conclusións do informe da Intervención. Sobre a reclamación presentada, referida aos gastos dos grupos políticos e á súa xustificación, teñen previsto abordar esta cuestión de acordo cos grupos, con vistas a adoptar

a decisión plenaria que corresponda.

D. Juan Antonio González Pérez; do grupo Socialista: Débese seguir coa Conta Xeral, sen prexuízo de aportar as xustificacións que procedan. O PSOE presentou onte as contas por Rexistro, e están abertos ás modificacións que procedan.

D. Xavier Rodríguez Fernández; do grupo Mixto: Absterase. Aínda que a alegación non paralice, si evidencia unha mala práctica. É obrigatorio que os grupos leven a súa contabilidade, e presentala ao Pleno cando a reclame. Hai que cambiar a práctica.

D. Antonio Fernández Comesaña; do grupo Mixto: Do que se trata é do contido da Conta. Hai observacións e reparos da Intervención, sobre malas prácticas na xestión. Así, a falta de RPT, que se pagou en contra dos informes. Repasa determinadas partidas de ingresos para concluír que a xestión non foi brillante. En gastos, machacaron diversas partidas, e noutras non foron quen de gastar o previsto. Non é para presumir. Non a vai a apoiar.

Sr. García Pazos: O orzamento non se pode executar nos seus termos estritos. Sobre a RPT hai novos informes que recoñecen que había mais documentación que a que servira de base para informes anteriores. Quedouse agora cos representantes sindicais de traballar para poder traela ao Pleno.

Sr. Alcalde-Presidente: É unha cuestión, a da aprobación da conta, simplemente administrativa, na que se presentou unha alegación. A idea é convocar unha xunta de portavoces para determinar as xustificacións que deben presentar os grupos. O que se somete á votación é desestimar a alegación e aprobar a conta xeral.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 8; PSOE e grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, acorda desestimar a reclamación presentada por D. José Cuevas Raposo e aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2013.

1.5.- MOCIÓN DE UCN SOBRE ELABORACIÓN E APROBACIÓN DOS PADRÓNS DE CONTRIBUÍNTES DA TAXA DE ENTRADA DE VEHÍCULOS EJERCICIOS 2013 E 2014

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 22 de outubro de 2014, e previa declaración de urxencia, informa favorablemente a mencionada moción (a expensas do informe do Interventor Xeral) coa seguinte proposta de acordo:

“Instar al Alcalde, cara a la elaboración y aprobación de los padrones de contribuyentes de la Tasa de Entradas de Vehículos, correspondiente a los ejercicios 2013 y 2014, a que ordene la aplicación con carácter general del criterio de que los efectos de las notificaciones de alta de oficio sean desde el primer día del semestre natural siguiente

a la fecha de notificación del alta”.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña; do grupo Mixto: Pide que se aplique o criterio proposto na moción por entender que é mais xusto.

D. Alberto García Pazos; concelleiro Delegado: Condiciónao a que os informes sexan favorables.

Sr. Alcalde Presidente: Pódese adquirir o compromiso, se hai amparo.

Sr. Fernández Comesaña: Dado que na Comisión se falou da emisión dun informe, entende que ao non haberse emitido é positivo. O que se lle está pedido ao Alcalde é bastante lóxico e el lle corresponde resolvelo.

Sr. Interventor: O informe esta pendente de emitir. Aquí faise unha petición ao Alcalde. O asunto ten repercusión económica. A ordenanza fai referencia a actuacións a instancia de parte e o que lle parece é que este é un caso distinto, que non ten amparo legal, sen prexuízo do que diga o informe.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PSOE, Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto e Sr. Vilas González, Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 9; PP e Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta.

I.6.- PROPOSTA SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 23/10/2014, dictaminara favorablemente unha moción do grupo socialista sobre esta cuestión.

Tendo en conta:

- Que a violencia de xénero constitúe un auténtico problema de Estado. E os datos constatan esta afirmación, xa que nos primeiros oito meses do ano, foron 40 as mulleres asasinadas a mans das súas parellas ou ex parellas, ademais de dous menores. En Galicia, os datos tamén son alarmantes, con 6 mulleres asasinadas nos primeiros oito meses do ano.

- Que, das 40 mulleres asasinadas, un total de 29 non tiñan presentado denuncia previa, o que se traduce nunha porcentaxe de máis do 72%.

O Pleno, co voto unánime dos seus 17 membros, aproba unha declaración institucional de condena de calquera acto de violencia de xénero.

I.7.- MOCIÓN DE URXENCIA

Iniciativa de D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto (BNG), referida ao cumprimento da Lei de Memoria Histórica.

Xustifica a urxencia no feito de tratar de resolver un asunto que quedou sobre a mesa na anterior sesión ordinaria.

Co voto favorable dos 17 membros da Corporación, apróbase a declaración de urxencia.

Trala correspondente deliberación, e co voto favorable unánime dos 17 membros da Coporación, apróbase a seguinte declaración:

A Lei 52/2007, do 26 de decembro, coñecida popularmente como Lei de Memoria Histórica, foi aprobada polo Congreso dos Diputados o 31 de outubro de 2007.

Toda administración, e por tanto o concello de Nigrán, debe velar polo cumprimento e o respecto das leis. Neste sentido a corporación municipal de Nigrán considera oportuno solicitar á Diócesis de Tui-Vigo o cumprimento no seu patrimonio en Nigrán da Lei de Memoria Histórica, con especial referencia ao Templo Votivo de Panxón, un dos monumentos máis importantes do noso concello.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 1 de setembro de 2014 e o 30 de setembro de 2014, ambos incluídos.

II.2.- DAR CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN REFERIDO AO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2014

Tendo en conta o sinalado na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros o informe conxunto da Tesourería e Intervención municipais:

- Data de emisión: 17-10-2014

- Epígrafe: Cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do Concello de Nigrán durante o 3.º trimestre do 2014.

II.3.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- A Alcaldía considera oportuno aclarar unha cuestión sobre a cesión do contrato de redacción do Plan Xeral, asunto tratado e deixado sobre a mesa no pleno extraordinario precedente.

Sr. Alcalde -Presidente: Gustaríame aclarar neste momento unha cuestión relativa á cesión do contrato do Plan Xeral. Na última sesión plenaria extraordinaria quedou sobre a mesa pendente de informe da Secretaría Xeral e Interventor deste Concello. O informe do Secretario entregouse antes de onte e o informe de Intervención chegoulle a todos onte pola tarde. Teño que dar explicacións do motivo polo que non ven hoxe con urxencia, que era o acordado no pleno anterior. Non se meteu na orde do día porque na hora da convocatoria os informes aínda non estaban. A idea era traelo agora por urxencia e ditaminar esa cuestión, pero xurdiu un tema que creo que non é menor. Hoxe pola mañá o informe do Interventor municipal e o do Secretario foron "colgados" nalgunhas páxinas web, cunha circunstancia moi peculiar: eu entendo que fomos algún grupo político, porque de feito os únicos que tiñamos acceso a eses informes eramos os grupos políticos, polo tanto, entendo que os responsables estamos aquí. Ese informe do Interventor tiña un erro importante, no que afirmaba que a empresa EPTISA estaba en concurso de acredores voluntario. Hoxe pola mañá, cando había a idea de traelo ao pleno pola vía de urxencia, a empresa EPTISA me chama, e me di ¿que pasa?; que lle están chamando os seus clientes, que está tendo un problema gordo, e que lle esixe ao Concello de Nigrán unha rectificación, porque considera que esa información, errónea, está xerando un prexuízo importante na súa imaxe e, polo tanto, nos seus clientes. Esa circunstancia se lle comunica ao interventor e esta tarde, o Interventor incorpora un anexo, un novo informe no que se di, o seguinte: Modesto Solla Sanz, Funcionario da escala de habilitación de carácter nacional Interventor municipal deste concello fago constar:

Primeiro. Que como consecuencia dun erro involuntario no reparo segundo do informe emitido por este Interventor o día 29 do 10 do 2014, referencia T/129/14 referido á cesión do contrato de redacción do plan xeral que di: Que non consta documentalmete acreditada a conformidade incondicional coa cesión do contrato do administrador concursal de EPTISA, Servizos de Ingeniería S.L. en situación de concurso voluntario, debéndose ter en conta que a cesión do contrato a terceiros afecta á masa concursal, acreditación que por seguridade xurídica debe ser previa á adopción polo Concello Pleno do acordo que proceda sobre o cesión do contrato administrativo de redacción do PXOM. Por seguridade xurídica, en todo caso, en todos escritos dirixidos polo concello de Nigrán o administrador concursal de EPTISA Servizos de Ingeniería S.L. así como en todos os recibidos debe constar o carimbo do Rexistro Xeral do concello de Nigrán evitándose a utilización de correos electrónicos.

Onde di todo isto debería dicir: de conformidade co indicado nos antecedentes do informe citado (no Boletín Oficial do Estado do día 24/09/2013) publicouse que o xulgado mercantil nº 2 de Madrid, por auto do 22/07/2013, procedemento número 72/13 declarou en

concurso voluntario ordinario a empresa Arnaiz Consultores S.L integrante da UTE adxudicatária do contrato de redacción do PXOM de Nigrán).

Segundo: Non consta documentalmente acreditada a conformidade incondicional coa cesión do contrato do administrador concursal de Arnaiz Consultores S.L.

É dicir, volve a repetir o mesmo, dicindo que onde dixo EPTISA a empresa que de verdade está en concurso de acredores é Arnaiz Consultores S.L.

E termina dicindo que este Interventor descúlpase polo erro involuntario cometido, e lamenta os danos co erro citado puido conlevar para a empresa EPTISA servizos de Ingeniería S.L como consecuencia da improcedente difusión en internet, dunha copia do informe orixinal indicado.

Ante esta circunstancia, evidentemente creo que é oportuno serenarse, e entrar en comunicación coa empresa, a cal por outro lado se lle remitiu hoxe un escrito, enviándolle persoalmente as desculpas oportunas por esta grave equivocación, que podería viciar todo o procedemento; que sería meter a unha empresa que neste momento non ten sequera capacidade para intercomunicar co Concello, porque non ten ningún tipo de vinculación con este Axuntamento, metela nesta situación. Me parece increíble que se utilicen os informes desta casa desta maneira.

Esta mañá enviouse un escrito que dalgunha maneira tamén ven a solucionar parte do que o Interventor e o Secretario dicían nos seus informes, que di da seguinte maneira:

"En relación co procedemento de referencia, resúmolle o estado da cuestión a partir do seu escrito do 3 de outubro do 2014:

Primeiro: A comisión informativa de asuntos xerais, con data 11/10/2014, propuxo ó pleno que autorizase a cesión do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Nigrán a empresa EPTISA Servizos de Ingeniería S.L. quedando esta subrogada en todos os seus dereitos e obrigacións da UTE cedente entre elas a de corrixir sin custe para o Concello, as deficiencias consignadas nos informes previos e posteriores a aprobación inicial nas alegacións ou noutros documentos que sexan imputables a referida UTE. A parte do prezo do contrato que correspondía percibir a concesionaria polo cumprimento das obrigacións, nas que se subroga ascende a 92.672,41 € sen IVE.

Segundo: O Pleno do Concello na sesión extraordinaria celebrada o 16 do 10 do 2014, acordou deixar a proposta sobre a mesa para que se incorporasen informes xurídicos e económicos sobre a mesma.

Terceiro: No posterior informe da Secretaría Xeral, do 27 de outubro de 2014, do que se fai eco o do Interventor municipal do 29 de outubro, indicase que os antecedentes da proposta ditaminada, aos que non foi alleo o posterior debate plenario, deixan ver que non se conseguiu da posible cesionaria do contrato, unha declaración inequívoca, sobre a súa disposición a continualo, nos estritos termos da adxudicación. De aí as condicións as que se somete a proposta de autorización da cesión e a conseguinte

incerteza de si finalmente serán asumidas ou non, pola destinataria da mesma. Tamén se di que tal circunstancia dá pé a considerar como alternativa plausible a de non autorizar a cesión do contrato, polo menos mentres a empresa cesionaria, non acepte incondicionalmente continuar a súa execución nos mesmos termos que obrigan a UTE cedente.

Chegados a este punto cabe reiterar, o xa consignado no escrito que esta Alcaldía dirixiu a esa empresa o 9 de setembro de 2014, no que se lle indicaba, entre outros extremos, que o cesionario non pode condicionar a cesión a recibir compensacións económicas pola realización de prestacións que debe realizar o cedente en virtude do contrato, nin o Concello asumilas. Queda claro polo tanto que en ningún caso, pode consumarse a cesión si a empresa cesionaria non se subroga en todos os dereitos e obrigacións contractuais da UTE cedente, incluída a de corrixir, sin custe para o Concello todas as deficiencias consignadas nos informes previos, e posteriores a aprobación inicial, nas alegacións ou noutros documentos, sempre que sexan imputables a referida UTE.

Neste sentido, canto antes EPTISA deixe sen efecto, os escritos presentados que poden inducir a confusión e asuma explicitamente e sen reserva algunha as obrigacións sinaladas antes se disiparán as dúbidas xurdidas e mais elementos de xuízo terá o órgano de contratación, e dicir o Pleno do Concello, para adoptar a decisión que corresponda.

Isto é o que se lle manda a empresa, no día de hoxe. Analizando todas as circunstancias que o envolveron, repito, creo que é un elemento que podería desvirtuar todo o proceso. É totalmente improcedente utilizar estes informes desta maneira, e desde logo o que puido conseguir e cargarse todo o procedemento.

Mañá eu fatarei coa empresa outra vez, para trasladarlle que dalgún xeito sentimos este erro, e que se espera a súa contestación previamente a que se poida ditaminar, o que é a propia cesión. Creo que o desenrolo dos feitos é determinante, e agora penso que o mellor é esperar a que a empresa neste novo contexto diga se previamente acepta ou non acepta.

Eu informo. Creo que non debemos entrar en debate, que si o queremos o facemos, pero como non vai na orde do día, e non entra por urxencia polo que acabo de explicar. Virá ao próximo pleno. Coa contestación da empresa e en función diso tomaremos, supoño, unha decisión. Agora ben, ter tomado unha decisión no pleno anterior era tamén completamente legal, e non xeraba ningún tipo de problema. Esta é a situación.

D. Juan Antonio González Pérez; do grupo Socialista: Eu creo que o debate se abriu. Creo que este discurso mesiánico, a nós a verdade e que non nos convence nada, todo o contrario. Os que están aquí poden atender, e enténdelo perfectamente, esta sensación de rotundidade, de profundidade, de culpabilizar o informe dun técnico.

Sr. Alcalde-Presidente: A difusión pública dun documento, dun informe, que se fixo de forma irregular, é a que xerou, que este Concello teña ou poida responder, no caso de que a empresa o solicite, polo dano causado á devandita empresa. Eu só quería dar información con claridade,

a quen teño que dar a información que é á corporación e aos veciños.

Sr. González Pérez: Eu creo que esta sensación de tratar de por en evidencia ese erro cometido por un técnico, e a súa posterior divulgación a través dos medios como a posible ruptura dun contrato cunha empresa, e que polo tanto a partir de agora todo ten que cambiarse, todo iso é unha escusa. É unha escusa, aquí non hai nin o que o divulgou, nin o que se equivocou, por escribilo tan rápido, nin o concelleiro que o transmitiu. Aquí o único que lle están pedindo a empresa EPTISA, son aquelas cuestións, que están pedindo nos informes, os técnicos. No pleno extraordinario, o Partido Popular quería aprobar esta cesión sin os informes técnicos, xurídicos e económicos pertinentes. Agora decatámonos que poden ser suspensivos.

Sr. Alcalde- Presidente: Non é preceptivo. É preceptivo no momento en que o pleno o pide, senón non.

Sr. González Pérez: Decateime que era preceptivo, pero vostede seguía mantendo que eses informes non eran necesarios.

Sr. Alcalde-Presidente: E o sigo mantendo. De feito voulle a dar unha proba a vostede.

Sr. González Pérez: Aquí o problema no é o que se faga pública a notificación, aquí o problema é que os informes económicos e os informes xurídicos din o mesmo, e o informe dos xurídicos do concello dos que teñen que amparar esta cesión ou non, din para terminar, tal circunstancia, falando da cesión, da pé a considerar como alternativa plausible a de non autorizar a cesión do contrato polo menos mentres a empresa cesionaria non acepte incondicionalmente continuar a súa execución nos mesmos termos que obrigan a UTE cedente. Isto é o que di o Secretario deste Concello, que é a persoa que mais sabe de leis. Isto é similar o que di o Interventor a persoa que mais sabe de números. Isto mesmo é o que lle estamos pedindo á empresa. E a empresa pode contestar se acepta ou non acepta coas condicións que se poñen. Vostedes non traen isto por urxencia, non porque se teña filtrado nada, senón que non o traen porque se meten nun lio. Agora o que intentan é enmascaralo co tema da filtración. Vamos a ver que contesta EPTISA. Vamos a ver que informa o administrador concursal que tanto Intervención e Secretaría din que é preceptivo antes da cesión, e non despois.

Sr. Alcalde- Presidente: Falso. Ese informe é preceptivo dende que o pleno o pide.

Sr. González Pérez: Le o informe do Secretario: No relativo a ese deber do cesionario de asumir as obrigas derivadas do contrato, a subrogación, é onde parecen concentrarse neste caso as maiores dúbidas, a razón é que os antecedentes da proposta ditaminada deixan ver que non se conseguiu da posible cesionaria do contrato unha declaración inequívoca a continuado nos estritos termos da adxudicación. De aí as condicións as que se somete a proposta de autorización e a cesión e a conseguinte incerteza de se finalmente serán asumidas ou non pola destinataria do mesmo.- Tal circunstancia da pé a considerar como alternativa plausible a de non autorizar a cesión do contrato polo menos mentres a empresa cesionaria non acepte incondicionalmente continuar a súa execución nos mesmos termos que obrigan a UTE cedente. E todo elo sen prexuízo, ademais, da conformidade que deba prestar a cesión o administrador concursal de Arnaiz Consultores S.L do que aínda non se dispón.

Estas dúas cuestións eran as que os que estamos neste lado pedíamos no Pleno e é o que se lle está pedindo a EPTISA. O problema é que a cesión non se trae ao Pleno, porque os informes non din o que vostedes querían. Aquí non hai ninguén que se teña equivocado, aquí o que hai é unha decisión que é esperar a que esta empresa constate que está cumprindo a lei, tal e como necesitamos que se cumpra. E nese momento é posible que haxa cesión, e ata ese momento, como vostede acaba de asumir non haberá cesión.

Sr. Alcalde-Presidente: O informe do Secretario ten unha primeira parte que se refire a Lei e os artigos da Lei de contratos na que fala de cales son os requisitos legais para proceder a cesión do contrato. Hai unha segunda parte de apreciación no que di que hai dúbidas de se a empresa asumirá ou non as obrigacións do contrato. No relativo a ese deber do cesionario de asumir as obrigas do contrato é onde parecen concentrarse as maiores dúbidas" (dúbidas, non cuestións legais), porque di que tal circunstancia dá pé a considerar como alternativa plausible a de non autorizar a cesión. Porque na primeira parte do informe di que compre anticipar que tal como xa se evidenciou no debate plenario, os antecedentes e fundamentos que conforman a parte dispositiva da proposta poden conducir razoablemente a diversos pronunciamentos, unha decisión que corresponde adoptar ao órgano de contratación, que é o pleno. Di ademais que o artigo 226 da Lei de Contratos engade no seu apartado un como condicionantes da cesión dúas cousas: a) Que dela non resulte una restrición efectiva da competencia no mercado. b) Que non poderá autorizarse a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración substancial das características do contratista, se estas constitúen un elemento esencial do contrato. No presente caso obran no expediente informes, que ademais de indicar que o cedente ten executado mais do 20 % do importe do contrato, son favorables a concorrncia na empresa concesionaria dos mencionados requisitos de capacidade e solvencia, e tamén da superación da puntuación mínima exixida polo prego para ser adxudicataria do contrato. Por outra parte, a mesma proposta non evidencia indicios de que tal cesión poida derivarse unha practica contraria á libre competencia. Iso é dicir, que cumpre cos requisitos da lei.

Outra cousa é que se abra a vía das dúbidas. Un ditame dunha Intervención xeral, dunha comunidade autónoma de este país, neste caso da capital deste país, di: Conclusión: la cesión de los contratos públicos está supeditada a la previa y expresa autorización administrativa y a la posterior elevación a escritura pública. La concorrncia de estos dos requisitos formales determina la constitución de la cesión desplegando a partir de tal momento sus efectos frente a la administración, sin que a ello perjudique el hecho de que el ajuste de los documentos contables a la nueva situación se produzca con posterioridad a la perfección de la cesión, ya que como se ha indicado mas arriba la autorización de la cesión no está sometida a la fiscalización previa de la intervención.

Pero lle vou poñer un exemplo, de como cambia a súa vara de medir. Resulta que hoxe estamos falando da cesión dun contrato, que xa esta adxudicado e resulta que no ano 2008 ese contrato do Plan Xeral, adxudicouse a unha empresa sen informe de Intervención. Neste expediente figura un certificado da Tesourería, ao que o Sr. Alcalde D. Efrén Juanes Rodríguez dá su visto bo, no que simplemente di: "Certifico en relación coa contratación da Consultoría e asistencia para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal: Primeiro: Que os recursos ordinarios do orzamento en vigor, capítulos I-V do orzamento de ingreso ascenden a 11,266,324 €.- Segundo: por tratarse dun contrato de consultoría e asistencia técnica, o gasto que se imputa a cada un dos exercicios futuros non está sometido os límites porcentuais

a que se refire o apartado 3 do artigo 174 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais.- E para que así conste os efectos previstos nos artigos 21.1 ñ) e 22.2 n) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e o artigo 86 do RD 500/1990 do 20 de abril polo que se desenrola o capítulo I do título VI da Lei reguladora de facendas locais en materia de orzamento expido a presente en Nigrán o 16 de xaneiro de 2008.

Este era o informe que a vostede lle valeu; que en ningún caso lle din se é preceptivo ou non é preceptivo. Neste caso, o contrato se adxudicou sen informe de fiscalización previa da Intervención.

Sr. González Pérez: Remato este diálogo. Eu o único que veño é a felicitar ao goberno pola decisión de deixalo tema sobre a mesa, de non traelo por urxencia ao pleno, porque se deron conta de que os informes nos indicaban o que nós dicíamos. O mellor é que estean as cousas claras e nada máis. O que lle achaco é que esa petición que se vai facer agora á empresa é exactamente igual ao que pide o Secretario e o Interventor. O que se lle pide é que cumpra e que aclare; e que non haxa nada que poida ser presuntamente non legal, polo menos mentres a empresa non acepte continuar incondicionalmente nos mesmos termos que a UTE cedente. O que non quero é que se achaque a resposta negativa de EPTISA a calquera medio de comunicación, calquera informe que haxa ou a calquera concelleiro que o teña enviado a algún medio de comunicación.

Sr. Alcalde-Presidente: Informe do Interventor, consideración terceira: Incumprindo o establecido no artigo 93.3 da LCSP en relación co establecido na disposición adicional 2ª.8 e nos artigos 213 e 214 da LFRL, non consta a existencia do preceptivo informe de intervención referido á fiscalización do expediente administrativo correspondente a contratación da redacción do Plan Xeral de Nigrán e de os PCAP e PPT da citada contratación (inexistencia que, de quedar documentalmente acreditada implicaría a ausencia da preceptiva fiscalización previa, do mencionado expediente), non constando tampouco a existencia do informe do servizo de urbanismo, informes solicitados nunha providencia da Alcaldía do día 15 de xaneiro de 2008.

Está dicindo isto que no ano 2008 adxudicouse o contrato a UTE Arnaiz Tinsa, sen expediente de fiscalización, que si é preceptivo na adxudicación dun contrato, e ademais disto, tampouco existe o informe do departamento de Urbanismo.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo Mixto: Vou a tratar de non estenderme moito, porque efectivamente non estamos discutindo a cesión do contrato. Considero imprudente publicar un informe técnico antes de que se trate o asunto no pleno, pero que eso ocorra, e que a min me pareza imprudente, non é o fundamental. O fundamental é o que din eses informes. Eu de feito vou a adiantar unha cousa, para min o peor que poida pasar é que EPTISA diga que si a esa carta, e non porque eu dubide da capacidade técnica de EPTISA, ao contrario, eu teño que dicir que a min pareceume breve pero moi interesante o informe que fixeron do estado do Plan que me merece todos os respectos. Polo tanto, non é que eu dubide da capacidade técnica, incluso non é unha cuestión de garantir a libre concorrência, que, desde logo, é moi importante. Para min o mellor para o Concello, nas circunstancias nas que está agora mesmo, con tantas deficiencias por corrixir no Plan, con novos procesos por desenvolver como é unha segunda exposición pública, o mellor con todo isto é recoller explicitamente todas esas particularidades nun novo Prego, que defina claramente, sen

dúbidas de ningún tipo, e por suposto coa dotación económica xusta, e con todas as garantías o traballo a desenvolver, para min é o mellor que se pode facer. Por iso eu xa defendín no pleno extraordinario pasado, e o volverei a defender, que o que hai que facer é resolver o contrato. E a partir de aí proceder a unha contratación que non ten por que ser necesariamente un novo plan; pode ser do que resta e aproveitar para incluír explicitamente todas as cousas necesarias.

Sr. Alcalde-Presidente: Son enfoques diferentes, e nós apostamos por seguir. Empezar de cero, primeiro, suporía a rescisión do contrato, que levaría tempo.

D. Alberto García Pazos; concelleiro Delegado: O artigo 16.3 do ROF di: Los miembros de las corporaciones tienen el deber de guardar reserva en relación con las informaciones que se les faciliten para hacer posible el desarrollo de su función, singularmente de las que han de servir de antecedente para decisiones que aún se encuentren pendientes de adopción, así como para evitar la reproducción de la documentación que pueda serle facilitada, en original o copia, para su estudio. Non esquezamos que isto é precepto legal, que estamos sometidos a el e que, dalgún xeito, o documento saíu ou difundíuse do departamento de Intervención do cal eu son responsable e xa verei xuridicamente o que proceda facer.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto: Establecemos un novo debate dun tema que non estaba na orde do día e o Sr. Alcalde tivo a deferencia de informarnos de algo que descoñecíamos. Eu creo que estas circunstancias son un pouco unha escusa. Igual queremos xustificar o inxustificable. Eu non sei en que medios saíu publicado. Indubidablemente, como dixo Xavier, o mellor que pode pasar é que a empresa diga que non, á vista dos informes. Porque estamos a falar non dun contrato "ao uso", estamos a falar dun contrato especial, dun caso moi especial. No que se refire ao expediente de contratación do Plan, votado a favor por Vostede o PSOE e eu tamén, o Interventor que estaba presente naquela sesión, se era ilegal aquel acordo tiña que advertilo, por faltar ese informe preceptivo.

Sr. Alcalde-Presidente: Vostede estalle a botar a culpa os funcionarios, que quede claro que o interventor non estaba.

Sr. Fernández Comesaña: Non, falo do Interventor que estaba aquel día en funcións, o que informou. Ademais, no punto cinco do informe do interventor, di que non constan documentalmente acreditados os motivos do incumprimento do prazo de execución establecido. Outro punto; se o incumprimento de prazo de execución do PXOM fóra total o parcialmente imputable a UTE Arnaiz-Tinsa, deberase ter en conta e aplicar o establecido na Lei de Contratos do Sector Público con respecto a demora. Os reparos son evidentes e indubidablemente son suspensivos e a hai que levantalos.

2.- D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista:

2.1.- Unha pregunta. Hai unha nova normativa que obriga os taxistas a por taxímetro a partir de xaneiro do ano que ven, e polo tanto quería presentar unha proposta para que veña ao Pleno, que en canto sexa posible que o traian para que estes profesionais poidan facer o seu traballo.

Sr. Alcalde Presidente: A previsión é que este tema veña ao seguinte Pleno.

2.2.- Creo que no pleno anterior, no mes de setembro, cando estiveron os membros do Colexio Humberto Juanes, faláronse dalgunhas deficiencias que tiñan e pedían. A resposta do goberno foi que non era cuestión de cartos, que se iba a facer. Á parte da rampla pedían uns columpios. Saber se iso está en marcha.

Sr. Alcalde-Presidente: As deficiencias técnicas eran a pasarela e un canlón. Despois nos pediron un parque infantil. Iso non. Non se vai poñer un parque infantil no colexio. Se vai a poñer aquí arriba na praza. Ese acordo co colexio ao que vostedes chegaron un día e non cumpriron, cando se faiu co colexio para que abridan polas tardes, a cambio de que se melloraran as instalacións, a cambio dun parque infantil que vostedes non fixeron. Nós non vamos a poñer un parque infantil nun colexio porque non entra dentro das nosas obrigacións. Nós comprometémonos en cuestión de accesibilidade, da canaleta, e incluso agora hai unha varanda. E estamos cumprindo co que se dixo.

2.3.- Publicouse nunha páxina web, que hai unha empresa que está vinculada a "operación Púnica" que é a redactora do proxecto do centro de saúde de Nigrán.

Sr. Alcalde-Presidente: Eu explico. Vostede saberá que o concello de Nigrán nin adxudica o centro de saúde, nin a redacción dos proxectos. O concurso se fixo a través da Xunta de Galicia, incluso creo que con fondos europeos. A empresa adxudicataria foi COFELY ESPAÑA S.L, da redacción dun lote de 17 proxectos de centros de saúde, entre os cales está o de Nigrán. Evidentemente, logo se adxudicou o que é a construción a outra empresa, que é Construcións Gómez Crespo. Dende logo Nigrán non ten ningún problema. Esperemos que isto non afecte á construción do centro de Saúde.

3. D. Manuel Doldán Costas, do grupo Socialista:

3.1.- Quería facer un rogo. Na rúa das Presas, está caendo un anaco de estrada. Alí hai case dous metros de desnivel. Se o poden revisar ou ver que poden facer.

3.2.- ¿O Club Náutico de Panxón terminou a concesión? ¿Está o día co Concello?

Sr. Alcalde-Presidente: Eu creo que esta concesión renovouse fai pouco, hai dous ou tres anos. E ten unha débeda co Concello, pendente de cobrar as sanción que se lle impuxeron o verán pasado, polas actividades que fixeron.

Sr. Doldán Costas: Aa grúa do porto que era con concesión tamén. Neste momento a grúa non funciona, non a reparan. Rogaría facer os tramites posibles para poder poñela de novo en servizo.

Sr. Alcalde Presidente: É a primeira noticia que temos, e miraremos que se pode facer.

3.3.- Outro dos temas, Sr. Alcalde, é saber si vostede fixo a xestión da seguridade na

PO-325 e non só nesa. Se se pode, onde está o colexio Proval, no cruce das Barxas, no cruce do camiño do Seixo, na rúa Gaifar, subindo do ambulatorio, e no camiño da Fonte, a primeira desviación que se encontra desde Prado a Patos.

Sr. Alcalde-Presidente: Si, fixen xestións e recibín por escrito algunha negativa nalgún caso concreto, e lle enviei recentemente, con motivo deste paso peonil da PO-552 na que veciños da zona me solicitan que se tomen medidas, eu trasladei unha serie de firmas e un informe da Policía Local, no que se formulaban outras posibilidades, e estamos a espera da resposta da nosa proposta.

3.4.- Existe un conflito no colexio de Panxón, polo problema do aparcamento e o transporte, subindo por esa rúa. O problema e pola decisión súa de xirar polo Camiño dos Lagos. ¿Vai a seguir mantendo a decisión todo o inverno desprazando aos veciños por zonas que tampouco son seguras dende o cruce de Patos ata o cruce dos Quixotes?

Sr. Alcalde-Presidente: Si, vou mantelo, porque foi o que se decidiu democraticamente na comisión, por unanimidade.

3.5.- Recentemente vostede fixo unhas declaracións no canal Baiona TV, cualificando de irresponsable ao portavoz do PSOE, en base a que estabamos negociando por votos con 17 familias de Chandebrito.

Sr. Alcalde-Presidente: Le un texto no que se di que o resultado das eleccións municipais de maio de 2011, coa vitoria da maioría absoluta do Partido Popular, truncou, sen embargo, as intencións dos socialistas e dos veciños de Chandebrito. O contrato para levar a cabo esta modificación foi rachado polo novo Alcalde, Alberto Valverde, alegando que non admitiría modificacións de ningún tipo, porque aseguraba que nun ano Nigrán tería un Plan Xeral aprobado. Un informe técnico desta casa di que non ten constancia da tramitación de ningún expediente urbanístico de axuste dos núcleos rurais de Chandebrito á lexislación vixente. Entendo que é o fin último do partido Socialista e do seu portavoz, é axudar a Chandebrito. Facer, certas declaracións pode prexudicar. Pido responsabilidade.

3.6.- Un rogo á Alcaldía que non se descualifique a persoas que exercen un cargo público, como é o caso do Presidente da Asociación de Veciños de Panxón, porque di que, no tema da rúa do Mariñeiro, toma esta decisión por ser membro da dirección executiva do Partido Socialista. E isto non é verdade.

4.- *D. Xavier Rodríguez Fernández; do grupo Mixto:*

4.1. Falando do centro de saúde de Panxón ¿Se vai realizar o proxecto finalmente sen aparcamento?

Sr. Alcalde-Presidente: Vaise facer co aparcamento que ven no proxecto, en superficie. Non sei o número de prazas.

4.2.- O día 1 de agosto presentei un escrito solicitando que na comisión correspondente

se estudase o grao de cumprimento do plan de investimentos ao que viña obrigado CESPA polo prego de condicións da recollida do lixo; comprobación que debe facerse en base aos informes polo servizos técnicos municipais que deben ser os encargados do seu seguimento. Este tema tratouse na Comisión e acordouse que se pedirían os informes oportunos. A día de hoxe aínda non se me facilitou nada. Eu quero preguntar aquí para que quede constancia. ¿Van facilitalo?

Sr. Alcalde-Presidente: Si, de feito, pensei que xa llo tiñan pasado. Falei coa Enxeñeira e lle dixen que lle tiña que pasar os informes e escritos que había entre CESPA e o Concello. Se non llo pasaron pídolle desculpas,

5.- D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto:

5.1. Reitera rogos xa feitos en varias ocasións; entre eles cito unha reixiña na rúa Devesa en Panxón que leva máis dun ano feita no almacén. O tema de Port-América, información sobre as cotas se están pagadas ou non. Lle reitero tamén expedientes de caducidade de licencias na parroquia de Camos outorgadas en decembro de 2002 en solo rústico. No último pleno lle falaba dunha árbore, na rúa da Foz, que está sobre a beirarrúa con perigo de poder caer, para que lle requiran ao propietario a poda do mesmo, para tratar de evitar males maiores.

5.2. Como consecuencia das últimas choivas producíronse inundacións especialmente na PO-325, no cruce de Bouzavella. ¿Que xestións fixo vostede na Xunta para tratar de corrixir este defecto na execución das obras e que solución se pensa adoptar?

Sr. Alcalde-Presidente: Non lle corresponde ao Concello, tomar ningunha iniciativa nesa estrada por ser de titularidade autonómica. Non fixen ningunha xestión de momento. Esperaremos a ver como vai este inverno, porque a situación particular deses dous días foi moi excepcional. Nigrán ten un gran problema de evacuación de augas en días como estes. Todos sabemos que temos un gran problema de pluviais neste municipio, na Foz, a Ramallosa, Bouzavella, Camos, Priegue. De feito, habería que plantarse en actuacións posteriores aumentar os calibres dos canos.

Sr. Fernández Comesaña: Isto sucede tamén no camiño da rúa da Porqueira e no camiño do Seixo. Os tubos están atascados. Lles pediría que poñan en marcha un plan para desatascar as cunetas que están obstruídas e levan tempo así.

5.3. ¿En que situación se encontra o expediente para adaptar á normativa sanitaria o cemiterio de Priegue? ¿Existen requirimentos da Xunta? ¿En que situación se encontra o Concello de Nigrán como titular dos terreos, que no seu día foron cedidos pola Comunidade de montes de Priegue?

Sr. Alcalde-Presidente: O cemiterio privado de Priegue. Hai un a cuestión de modificación da normativa que posiblemente axude a dar unha solución. O que está claro, é que neste momento é un problema entre propietarios, que tiveron unhas diferencias á hora de facer unhas actuacións, porque naquel momento a Xunta obrigaba a cumprir unha normativa. Nós estamos aquí para intentar axudar. Pero temos

limitacións para entrar nese problema, porque o terreo se cedeu no seu momento á Comunidade de Montes, para que se puidese acceder a unha subvención ou axuda.

Sr. Fernández Comesaña: ¿Renunciou acaso o Concello a aquela cesión? Eu creo que tiña sido o pleno quen aceptara a cesión.

Sr. Alcalde-Presidente: A xestión é privada. Queremos resolvelo pero temos certas limitacións.

Dna. M^a del Carmen Alonso Macías Jorreto, concelleira Delegada: A titularidade é privada, cada un é dono dos seus nichos, incluso algúns xa foron transmitidos en herdanza. O Concello como entidade non pode entrar ali a realizar ningún tipo de obras, por ser de propiedade privada. En breve cambiará a normativa e esperamos que o cemiterio de Priegue se poida acoller ás medidas dos anos setenta. Non lle van a obrigar acollerse á normativa actual. Pero aínda non saíu esa norma.

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.